

CONTORNO PROFESIONAL

A competencia xeral deste título consiste en trasladar pacientes aos centros sanitarios, prestar atención básica sanitaria e psicolóxica no contorno prehospitalario, levar a cabo actividades de teleoperación e teleasistencia sanitaria, e colaborar na organización e no desenvolvemento dos plans de emerxencia, dos dispositivos de risco previsibles e da loxística sanitaria ante unha emerxencia individual ou colectiva, ou unha catástrofe.

Cualificacións profesionais incluídas no título:

- Transporte sanitario
- Atención sanitaria a múltiples vítimas e en catástrofes

DURACIÓN

Todos os módulos realízanse entre os meses de setembro a xuño. Neste réxime de adultos, se se escollen todos os módulos dun curso, ten unha duración de 2 cursos + un trimestre para a realización

Cando teñas superados todos os módulos, poderás realizar as prácticas de empresa máis o módulo de proxecto, de outubro a decembro



MÁIS INFORMACIÓN

www.edu.xunta.gal/fp
www.cifpacarballreira.gal



988 788 470



cifp.carballreira@edu.xunta.es



Praza da Lexión, s/n, 32002 Ourense



CICLO MEDIO

EMERXENCIAS SANITARIAS

ADULTOS



CIFP A Carballeira
Marcos Valcárcel



MÓDULOS PROFESIONAIS

MÓDULOS DE PRIMEIRO ANO	HORAS
MANTEMENTO MECÁNICO PREVENTIVO DO VEHÍCULO	80
LOXÍSTICA SANITARIA EN EMERXENCIAS	160
DOTACIÓN SANITARIA	107
ATENCIÓN SANITARIA INICIAL EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA	266
APOIO PSICOLÓXICO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA	53
TELEEMERXENCIAS	80
ANATOMOFISIOLOXÍA E PATOLOXÍA BÁSICAS	107
MÓDULOS DE SEGUNDO ANO	HORAS
ASISTENCIA SANITARIA ESPECIAL EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA	277
EVACUACIÓN E TRASLADO DE PACIENTES	245
PLANS DE EMERXENCIAS E DISPOSITIVOS DE RISCOS PREVISIBLES	105
FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL	107
EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA	53
MÓDULOS A REALIZAR UNHA VEZ SUPERADOS TÓDOLOS ANTERIORES	HORAS
FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO	410



EN QUE MÓDULOS ME MATRICULO

Este ciclo desenvólvese en modalidade de adultos. Isto significa que:

- Podes escoller todos os módulos dun curso ou só algúns, segundo as túas obrigas persoais.
- Podes escoller módulos en función de franxa horaria. Se un módulo se desenvolve a partir das 16 horas, téntase que, no seguinte curso se oferte a partir das 19:20. Podes consultar en que horarios se desenvolverán os módulos neste curso no horario do ciclo subido á web do centro.
- Podes comezar cursando módulos de primeiro ou de segundo. Recoméndase, non obstante, que se cursen antes os módulos de primeiro ou que, canto menos, se teña en conta o que para algúns deles se precisan coñecementos previos.

EN QUE MÓDULOS ME MATRICULO

A recomendación xeral é que antes de facer o segundo ano, fagas o primeiro.

Se non tes praza nos de primeiro pero queres matricularte en algún de segundo, aquí tes algunhas recomendacións para cursar os módulos de 2º curso. O resto de módulos, non precisán coñecementos previos:

Asistencia sanitaria especial en situación de emerxencia

- Recoméndase cursar previamente os módulos de atención sanitaria inicial en situación de emerxencia, anatomía e patoloxía básicas e dotación sanitaria.

Evacuación e traslado de pacientes

- Recoméndase cursar previamente os módulos de atención sanitaria inicial en situación de emerxencia, anatomía e patoloxía básicas e dotación sanitaria.

RENUNCIA DE MATRÍCULA

Se te arrepiñes da matrícula dalgún módulo, podes renunciar sen que che consuma convocatoria nos prazos indicados no centro.

Para superar cada módulo tes 4 convocatorias, máis unha extraordinaria. Aínda que non chegues a presentarte os exames, perdes unha convocatoria, sempre que non renunciés en prazo.